

ct

A filla de Woody Allen

de
Santiago Cortegoso

(fragmento en galego)

PERSONAXES:

-A filla de Woody Allen.- Arredor dos trinta anos. Parécese a seu pai.

Na vida, o oitenta por cento é presentarse (Woody Allen)

Escena 1.- A chegada

A filla de Woody Allen chega á estación marítima (polo medio do patio de butacas) vestida co traxe de viaxe, cargada cunha maleta, un bolso e unha gran caixa de regalo.

Que non, que non facturo. Como vou estar doce días sen maleta? Que non deixo que ma levedes. Que non! Que xa a levo eu. Pensades que son parva ou que? Igual vola deixo e non a volvo ver. Ladróns! Ti deixaches que che levasen a maleta? Pois moi mal. En canto te despistas sae un ladrón e rúbachas. A min xa me teñen roubado de todo: o bolso, a bicicleta... Un día estaba sentada tan tranquila nun banco comendo un “cornete”, veu un drogadicto e rouboumo. Ladróns! E nada de limparme o camarote. Xa o limpo eu. Querédesme investigar? E non penso probar a comida. Sabe deus o que dan de comer aí dentro. Prefiro estar doce días sen comer. Non son capaz de facer a dixestión cun transatlántico dentro. Canto tempo aguantou Aminatu Haidar sen comer? Seguro que se me descalcifica o ferro. E a carteira tamén. Vaia prezos, isto é un “quita-quita”; cobran por todo, ata por vomitar. Ladróns! Doce días dilapidando. Como se pode tardar doce días en chegar a Nova York? Hai que estar enfermo para encerrarse doce días nun barco por diversión, aínda que o barco se chame Poesía. A quen se lle ocorre chamarlle a un barco Poesía? Se Homero levantase a cabeza... Como alguén teña un virus pillámolo todos, porque non o imos tirar ao océano. *(Bota un repelente polo corpo)*. E onde pensan gardar os residuos fecais de tanta xente? Non os tirarán ao mar? Dáme aprehensión pensar que os pobres peixiños vaian comer todo iso. A ver como aguanto doce días sen ir ao baño. Hai tiburóns por onde imos pasar? E por que hai que parar nas Bermudas? Por certo, non iremos pasar por dentro do triángulo? Eu vou a Nova York. Que se me perdeu a min nas Bermudas? Como pode haber alguén que se meta nun barco que se chama Poesía para ir de vacacións ás Bermudas? Nin Kafka daría chegado tan lonxe. Eu non vou de cruceiro, entendedes? Non estou de vacacións. Eu estou de transicións. De transicións. *(Sobe ao escenario e pousa a maleta e o regalo)*. Eu non veño aquí a facer amigos, nin a ligar. Nin sequera trouxen vestido de noite. Trouxen todos de día. Isto vai parecer a Arca de Noé: a metade da viaxe borrachos e a outra metade botando comida prefabricada pola borda, alimentando tiburóns. Comigo non contedes: Eu vou estar os doce días encerrada no camarote co chaleco salvavidas posto. É o meu castigo por non ir en avión... *(Pon crema de protección solar)*. O avión non para nas Bermudas, aínda que tampouco lle fai falta para estamparse contra un iceberg. Eu non viaxo en avión. Ben, ir en avión non é viaxar. É teletransportarse. Entras aquí nunha cápsula e saes noutra parte do espazo. Ou do tempo. Ladróns! Como están as mareas? Non vin as isóbaras... Hai mar de fondo, ou maruxía, ou forte marexada? Debería tomar un caramelo deses fabulosos, pero non os trouxen. Ou outra biodramina. Por biodraminas que non sexa. *(Colle do bolso un paquete de medicamentos)*. Aínda me quedan catro ou cinco do paquete de 24 que comprei pola mañá. O ansiolítico! A hora do ansiolítico! Ladróns! Haberá farmacia no Poesía? En doce días vanme caducar os medicamentos. E a froita que levo para o camiño. É que eu teño que comer unha cenoria todos os días ás cinco da tarde porque teño a melanina baixa. Tamén teño as defensas baixas; e outras cousas altas, como a presión ocular. O glaucoma atácame a retina sen parar. Pero a cenoria é fundamental. Se hoxe non tomo a cenoria, quedo sen pigmentación e mañá levántome coma unha cebra. E só teño seis cenorias para doce días. Vou ter que cortar á metade. Xa me está entrando unha crise de “oceanofobia”. Ou de “horizontefobia” aguda. Eu, polo meu metabolismo, teño que comer unhas quince veces ao día,

cada setenta minutos. (*Come uns froitos encarnados que traía no bolso*). Se non me alimento ben, logo son un mono en Estados Unidos. Saio de aquí muller e chego chimpancé. Queres unhas “bayas de Goji”?, son un antioxidante natural boísimo. Eu un día dixen: hoxe non vou comer; e ao día seguinte levanteime obesa. Teño que mercar algo para a amigdalite nada máis chegar. E como se fai iso en inglés? “Good morning lady, good morning sir. Please, can you give me one box of...” Vou ir á farmacia en Nova Iork e vou quedar coa palabra na boca. E quedar coa palabra na boca en inglés debe ser terrible. (*Colle do bolso o dicionario de inglés*). É que a min o inglés nunca me entrou. É como meter un zapato de dous números menos. Ti falas inglés? Eu... é que o vomito. Vomito o inglés. Non me entra no cerebro. Hai un hemisferio que me funciona mal, como unha cadeira coa pata rota. A osteópata mandábame dar unha masaxe cada día nesta parte da cabeza para espertar o sentido do olfacto; agora cheiro de máis e maréome, pero o hemisferio dos idiomas quedoume atrofiado. “Tonsilitis”. Pero a ver como se pronuncia, porque no “pockett Collins” non vén como se pronuncia. Por que no mundo se falan tantos idiomas? É un castigo da humanidade. Que idioma se fala no medio do mar? Somos unha torre de Babel eterna polos séculos dos séculos e estamos condenados a non entendernos. A vivir illados. (*Pon colirio nos ollos*). A xente non se comunica. Ten internet pero non se comunica. A miña amiga Chelo cóntame todos os luns polo Facebook, moi orgullosa, con quen se enleou o sábado ás sete da mañá en antros escuros cheos de xente drogada e desesperada; necesita negar a soidade. E fala cinco idiomas. Non é por non entenderse con calquera. Non se relaciona por apertura de mente. Eu estou aberta... Eu sinto respecto... mesmo atracción por todas as culturas: os musulmáns, os chineses, os negros... A min interésame a expansión. Non entendo por que nos sentimos superiores por adorar desde hai dous mil anos a un melenudo crucificado en taparrabos e sen afeitado. A min interésame absorber. Ata crin na “santería” hai tempo, durante uns meses estaba convencida de que os santos ían vir por min. Foi na Universidade... Unna noite enleeime cun senegalés; merqueille uns elefantes da sorte, aprendeume unhas palabras en uolof e nada... acabei tomando Colacao cun “negrito”. Agora o Colacao tómo só polas noites, con galletas: necesito cear forte para ter enerxía para soñar. Calcio, necesito calcio. (*Toma calcio*). Antes tomábao seguido porque estaba sen “desarrollar”. De pequena, miña nai dábase de comer filetes todo o día, carne churrascada... quedáronme mal os órganos de tanto colesterol. É como se che dan alcohol de pequena: non te “desarrollas”. O meu corpo enfadouse comigo e non nos imos reconciliar ata a morte. Somos dous solitarios condenados a vivir xuntos. É que a min educáronme fatal. (*Pon o termómetro*). Debido a aquela alimentación nefasta, sufrín todas as enfermidades de maneira aguda: anemia, febres reumáticas en grao tres; estiveren tanto tempo na cama que tiveren que aprender a andar de volta aos oito anos; a “bolboreta” –tiña a cara tan chea de ronchas que parecía un mosaico xaponés-, o sarampelo, a rubéola, a varicela. Os médicos sospeitaban que podía ter unha enfermidade dexenerativa. Nin de broma -díxenlles eu-, antes prefiro meterme monxa, que tamén é dexenerativo pero... Cando tiveren ictericia pensaba que era chinesa. Mirábame no espello e tiña unha cor así... camel... “caobita”... estaba tan amarela que cheguei a abrazar o budismo. E moi ben, moi ben, estou convencida que noutra vida fun chinesa. En canto chegue a Nova Iork teño que ir ao barrio chinés: Chinatown. (*Colle as súas cousas e camiña por Nova Iork*). Pero seguro que alí hai de todo, porque están todos mesturados, “babelizados”: musulmáns, xudíos, sunnitas, xiítas, vietnamitas... Igual penso que vou tomar algo e entro nunha mezquita. En Nova Iork hai moita oferta de ocio, non é como Pontevedra. E eu desorientome enseguida, non me aclaro cos planos. Maréome. Pinto debuxos bonitos, pero os planos non os dou descifrado. A ver como dou con papá no medio de tantas rúas cheas de xente tan diferente. Se cadra é sudamericano e ten rasgos mongois. Ti coñeces a teu pai? Eu o meu non sei nin como é. Iso si, tiña moita puntería: deitouse unha vez con mamá e mira... E se lle caio mal? Se cadra é un intelectual e o “pockett Collins” non me chega a nada para falar con el. Polos libros que me ten regalado parece un tipo listo. (*Saca do bolso o*

primeiro regalo de papá. Soa a parte de piano de “Cause I believe in loving”, de Marvin Hamlisch, da B.S.O. de “Bananas”. Abre a caixa e é un libro de Freud en inglés. Péchao de golpe e para a música). Se cadra é travesti. Non me estrañaría. Despois de estar con mamá é normal escapar de volta a Nova Iork e facerse gay. A min non me importa. Se cadra é un facha que está a favor de que os “marines” boten bombas en Afganistán. Que mala sorte que papá sexa americano. Se cadra é o típico gordo que pasa o día no sofá comendo hamburguesas de McDonald’s coa camiseta chea de suor polos sobacos: “Nena, tráeme Ketchup”, “Nena, tráeme outra CocaCola de dous litros”, “Nena, ráscame o xeonllo que non chego”. Eu vexo un gordo e vexo un monte de comida, de quilos de graxa, de churrasco navegando por tripas inflamadas, de colesterol, de leucocitos descontrolados, de enfermidades. Se comes moito es máis comida que persoa. E eu non quero falar con comida, quero falar con persoas. Eu quero que papá sexa unha persoa. Quero que sexa como Sean Penn, ou como Warren Beatty. Se teño un pai con colesterol non me presento, dou a volta e marchó. (Vai sentar na maleta a ler o libro).